

CORRECCIÓN DOS EXAMES DA 1ª AVALIACIÓN

Como explicamos nas clases, o exame serve ao obxectivo de avaliar a adquisición de nocións básicas da materia (o que chamades “teoría”) e tamén o coñecemento da terminoloxía filosófica.

Para preparalo e necesario estudar as seccións do libro de texto sinaladas no guión das unidades que aparece na Aula Virtual. Tamén é importante atender ás explicacións na clase.

Para redactalo, é importante ler as instrucións na Aula Virtual para a resolución de preguntas de exame e tamén o apartado “Escribir non é falar” no que se indican erros básicos que solemos cometer e a forma correcta de redactar. Todos estes aspectos foron explicados nas clases e aparecen na Aula Virtual como imprescindibles para todas as avaliacións (Apartados de cor vermella).

Nos exame non hai lugar para opinións nin reflexións persoais porque o espazo apropiado para ese tipo de contidos é o Diario.

Nos tres grupos de 1ª de Bacharelato os exames foron similares. De feito, dous das catro preguntas teóricas e varias definicións da cuestión de terminoloxía foron as mesmas para todos os grupos.

Aspectos importantes para resolver o exame:

- 1.- Identificar a noción á que fai referencia a pregunta.
- 2.- Os exemplos non poden substituír á definición ou a explicación.
- 3.- As respostas as catro preguntas sobre nocións básicas non son tipo test. Polo tanto, como tantas veces explicamos, a resposta ten que comprenderse sen ler a pregunta.
- 4.- Os erros ortográficos, de sintaxe e de rexistro lingüístico son erros graves.

As dificultades sobre cuestións terminolóxicas e de redacción verémolas na clase cando vexades os vosos exames.

EXAMEN FILOSOFÍA 1ª AVALIACIÓN 1º BACH CURSO 2022/2023

- 1.- Cando e por que aparece a Filosofía occidental? **Noción básica: O paso do mito ao logos e as circunstancias sociais, económicas, etc. que posibilitaron ese paso.**
- 2.- Nomea as características da filosofía. Explica que significa que a utilidade da filosofía sexa teórica e práctica. **Unidade 1, páx. 13-14 1.2. Características da filosofía. Sinalada como moi importante no guión da A.V.**
- 3.- Diferencias entre hominización e humanización. **Unidade 2, 3. Somos bioloxía ou cultura? Especialmente a partires da páx. 41 B. O proceso evolutivo humano: a antropoxénese.**
- 4.- Por que a aprendizaxe é tan importante para o ser humano? **Para o ser humano (a especie), non para os seres humanos nin para min. A resposta está na evolución cultural que, no ser humano, substitúe á conduta instintiva dos animais. A transmisión cultural (a aprendizaxe) é clave para a supervivencia da especie.**
- 5.- Terminoloxía: Resolve o apartado a) e o apartado b)
 - a) **Define:**
 - antropomorfo
 - liberdade
 - natureza.
 - ser auténtico/ ser inauténtico.
 - continxente
 - feminismo
 - b) **Distingue:**
 - identidade de xénero/orientación sexual
 - Distingue: azar/destino
 - Distingue: causa/culpa/responsabilidade

EXAMEN FILOSOFÍA 1ª AVALIACIÓN 1º BACH CURSO 2022/2023

- 1.- Diferencias entre saber mítico e saber filosófico. **Paso do mito ao logos, páx. 13**
- 2.- Nomea as características da filosofía. Explica que significa que a utilidade da filosofía sexa teórica e práctica.
- 3.- Por que dicimos que os animais viven nun medio ambiente e que os seres humanos viven nun mundo? **Diferencias entre a evolución biolóxica e a evolución cultural, entre o instinto e a aprendizaxe....**
- 4.- Por que a aprendizaxe é tan importante para o ser humano?
- 5.- Terminoloxía: Resolve o apartado a) e o apartado b)

a) Define:

- necesario
- cosmos
- crítica
- análise
- liberdade
- feminismo

b) Distingue:

- identidade de xénero/orientación sexual
- ser auténtico/ ser inauténtico
- causa/culpa/responsabilidade

EXAMEN FILOSOFÍA 1ª AVALIACIÓN 1º BACH CURSO 2022/2023

1.- Por que o ser humano comeza a facerse preguntas filosóficas? **O paso do mito ao logos. A diferenza non está na intelixencia, senón nas circunstancias que fan que o ser humano busque respostas máis alá do mito.**

2.- Nomea as características da filosofía. Explica que significa que a utilidade da filosofía sexa teórica e práctica.

3.- Que é o que diferencia ao ser humano dos outros animais? Para que serve? **A carencia de instintos, a humanización, a neotenia, a aprendizaxe ao longo da vida. Serve para a gran evolución humana: a cultural.**

4.- Por que a aprendizaxe é tan importante para o ser humano?

5.- Terminoloxía: Resolve o apartado a) e o apartado b)

a) Define:

- dogmático
- crítica
- liberdade
- natureza
- continxente
- feminismo

b) Distingue:

- identidade de xénero/orientación sexual
- causa/culpa/responsabilidade
- ser auténtico/ ser inauténtico